



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS .

PREAMBULO.- O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza urbanística, téñase concedida ou non dita licenza, sempre que a súa concesión corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras poderán consistir en:

- a) Obras de construcións de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e sumidoiros.
- f) Obras que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza urbanística.

ARTIGO 2.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. A estes efectos terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terá a condición de suxeito pasivo substituto do mesmo quen solicite as correspondentes licencias ou realice as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 3.- Exencións.

Está exenta de pago deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto de tratarse de obras de novo investimento como de conservación.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ARTIGO 4.- Base imponible, cota e devengo.

A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de reximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

A cota deste imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame será o 2'75%.

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 5.- Xestión.

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, o obrigado tributario presentará unha autoliquidación na que a base imponible provisional determinarase en función de: a) O orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente, cando isto constituía un requisito preceptivo. b) No caso de que non sexa necesario presentar proxecto visado ou se este resultase manifestamente infravalorado ó xuízo dos técnicos municipais, aplicaranse os índices ou módulos que a presente Ordenanza establece ó efecto, no Anexo da mesma.

2. No caso de que se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra e houbese incremento do valor segundo o orzamento de execución material, ou segundo o de módulos, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria con suxeición ós prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

ARTIGO 6.- Liquidación definitiva.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará no seu caso, a base imponible a que se refire o artigo anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a contía que corresponda.

Considerase finalizada unha construción, instalación ou obra na data en que se obteña o Certificado Final de Obra valorado e visado polo Colexio Oficial correspondente. De non ter que obterse este, atenderase á data na que a Administración puido ter coñecemento da finalización de ditas obras.

As datas sinaladas no parágrafo anterior determinarán o inicio do cómputo da prescrición do dereito da Administración a practicar unha liquidación definitiva.

A base imponible definitiva determinarase con carácter xeral, por estimación directa, e unicamente se utilizará a indirecta cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 53 da Lei Xeral Tributaria.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ARTIGO 7.- Bonificacións.

1. En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. En virtude do artigo 103.2.d) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 50% a favor de construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.
Esta bonificación, no caso de concorrer coa do apartado anterior, aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación regulada nese apartado primeiro deste mesmo artigo.

3. As bonificacións ás que fan referencia os dous apartados anteriores deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso en un ou nos dous supostos establecidos para cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

ARTIGO 8.- Inspección e Recadación.

A inspección e recadación do Imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións.

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan, aplicarase o réxime regulamentado pola Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ANEXO.- CADRO DE MÓDULOS PARA CALCULO DE PRESUPOSTOS DE OBRAS A EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO

	OBRAS MENORES	IMPORTE MODULO
4.1	ACOMETIDA DE AUGA	
Ud.	Acometida tipo medio.	350,00 €
4.2	SUMIDOIROS	
Ud.	Acometida tipo medio	350,00 €
Ud.	Fosa séptica	1.500,00 €
M2.	Cuarto de baño ref. interior	562,32 €
4.3	POZOS	
Ud.	Pozo tipo medio	1.200,00 €
4.4	PECHES	
Ml.	Peche de bloques	35,00 €
Ml.	Peche de Pastas	45,00 €
Ml.	Peche de Perpiaño ó mamp.	75,00 €
Ml.	Muro contención 1,00 m.	100,00 €
4.5	REVESTIMENTOS	
M2.	Enfoscados	10,00 €
M2.	Chapado pedra natural	60,00 €
M2.	Chapado pedra artificial	45,00 €
M2.	Pintura exterior.	6,00 €
M2.	Chapado plaqueta cer.	25,00 €
M2.	Encintado cantería	5,00 €
4.6	CONDUTOS	
Ud.	Chimenea	400,00 €
Ml.	Canais e baixantes	30,00 €
4.7	CARPINTERÍA	
M2.	Carpintería ext. Aluminio	200,00 €
M2.	Carpintería ext. PVC.	225,00 €
M2.	Carpintería ext. Madeira	250,00 €
4.8	GALPÓNS	
M2.	Galpón de bloques	100,00 €
M2.	Galpón de pedra	200,00 €
4.9	EMPARRADOS	



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

M2.	Parra	5,00 €
4.10	RETELLOS	
M2.	Retello	25,00 €
M2.	Retello e cambio armazón	50,00 €
OBRAS MAIORES		
5.1	REFORMAS INTERIORES	
M2.	Rehabilitación total de Vivenda	468,60 €
M2.	Bancos	332,28 €
M2.	Discotecas y Salas de Baile	359,97 €
M2.	Garderías	276,90 €
M2.	Bares, Cafetería, Pubs.	249,21 €
M2.	Supermercados	221,52 €
M2.	Comercios en xeneral	179,99 €
5.2	DEMOLICIÓNS	
M2.	Demolicións en xeral	35,00 €
5.3	VACIADOS E DESMONTES	
M3.	Desmontes	3.61 €
M3.	Recheo	1.50 €
NORMA XERAL.- Para o caso de que o presuposto presentado non se axuste estritamente ós módulos deste cadro, actuarase ben por similitude, en base ós baremos que quedan reflexados, ou ben mediante o oportuno informe-valoración do Técnico Municipal.-		